

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE INSTRUMENTO IV (JAZZ - PIANO)

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

CURSO ACADÉMICO 2024/25

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: INSTRUMENTO IV (JAZZ - PIANO)									
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN				ITINERARIO			JAZZ	
CARÁCTER	OBRIGATORIO				TIPO DE CLASE			INDIVIDUAL	
DEPARTAMENTO	JAZZ				XEFE/A DE DPTO.			MARCELINO GALÁN	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA			ALBERTO M. CONDE DE LEÓN	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	Horas de clase semanais:	1.5
ECTS/CUAD.				8				Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA	
	ALBERTO M. CONDE DE LEÓN				<a href="mailto:info@albertoconde.com">info@albertoconde.com</a> 657 430540 <a href="http://www.albertoconde.com">www.albertoconde.com</a>			Mércores 11.00 – 12.00	

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	<p>Desenvolvemento das dimensións básicas da interpretación, da improvisación, da transposición e da lectura a primeira vista. Desenvolvemento dun estilo propio como intérprete e con madurez creativa. Adquisición de hábitos e técnicas de estudo e valoración crítica do traballo propio. Interpretación en público como solista ou xunto con outros/as intérpretes.</p> <p>Práctica da técnica, dos recursos, do repertorio evolutivo e estilístico do instrumento, así como o coñecemento básico da construción, mantemento, comportamento acústico e características do propio instrumento.</p>
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os demostrados na proba de acceso e nos cuatrimestres anteriores.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A disciplina de Instrumento garda concordancia coas disciplinas de Teoría e Práctica de Improvisación, Conxunto, Orquestra, Análise e Harmonía de Jazz e Composición e Arranxos.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T8, T13, T15.
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X6, X8, X9, X10, X11, X13, X21, X24, X25.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI7, E110.
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015 do 29 de Outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Conseguir un dominio técnico en interpretación e improvisación sobre o instrumento, coa aplicación das destrezas adecuadas, dende unha actitude autocrítica e constructiva como solista, e verbalmente comunicativa cos diferentes grupos musicais e de traballo, baseada na ética, na apreciación, na comunicación e na sensibilidade estética, estilística, medioambiental e diversa, asumindo adecuadamente as diferentes funcións: subordinadas, participativas e de liderazgo.	T1, T2, T3, T6, T8, T13, T15. X1, X2, X3, X6, X8, X9, X10, X11, X13, X21, X24, X25. EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI7, EI10.
2. Acadar adestramento auditivo, principios teóricos, técnicas e prácticas de lectura, improvisación, técnicas acústico-instrumentais, conceptos artísticos en xeral e a súa aplicación, así coma a evolución histórica, estética, estilística e cultural do instrumento nas épocas relacionadas cos temas de repertorio.	T1, T2, T3, T6, T8, T13, T15. X1, X2, X3, X6, X8, X9, X10, X11, X13, X21, X24, X25. EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI7, EI10.
3. Construír, interpretar e desenvolver as improvisacións e interpretacións dos temas de repertorio respectando o coñecemento histórico, estético, cultural, estilístico dos autores e da estrutura da súas obras e desenvolvendo a propia personalidade a través do dominio dos recursos harmónicos, melódicos, rítmicos, tímbricos, formais, dinámicos e expresivos.	T1, T2, T3, T6, T8, T13, T15. X1, X2, X3, X6, X8, X9, X10, X11, X13, X21, X24, X25. EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI7, EI10.

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Bitonalidade (espazo sonoro aplicado as áreas de SD e D).	<p><b>1.1. Graos.</b></p> <p>1.1.1. Aspectos teóricos.</p> <p>1.1.2. Dixitación pianística dos acordes. Tódalas tonalidades.</p> <p><b>1.2. Relación escala-acorde. Dominante alterado</b></p> <p>1.2.1. Exercicios a swing e even 8th's. Man esquerda en comping utilizando o acorde alterado e substitutos se cabe, man dereita sobre a escala cos acentos e articulacións propias do swing e corchea even 8'ths.</p> <p><b>1.3. Harmonización diatónica: Aplicación práctica.</b></p> <p>1.3.1. Aplicación de tríadas, cuatríadas, pentatónicas maiores e pentatónicas alteradas.</p> <p><b>1.4. Improvisación sobre II-7 V7 Imaj/I- .</b></p> <p>1.4.1. Aplicación das escalas lidia dominante e alterada sobre o V7. Aplicar sobre os temas do curso/cuadrimestre</p>	16
2. Cadenza II-7b5 V7b9 I-	<p><b>2.1. Improvisación sobre menor harmónica.</b></p> <p>2.1.1. Técnicas de construción de fraseo. Contrapunto e imitación sobre even 8th's.</p> <p>2.1.2. Turnaround: Uso do II-7b5 rel - V7b9/II-7b5, aplicando escala menor harmónica da resolución do turnaround.</p> <p>2.1.3. Aplicar a secuencia en tódalas tonalidades con modulación por cuartas e outras posibles modulacións.</p>	16

<p>3. Baixo camiñante</p>	<p><b>3.1. Continuación progresiva das técnicas dos anteriores cuatrimestres.</b>  3.1.1. Oitavas, quintas, notas de paso, notas non diatónicas, cromatismos, técnicas sobre escalas de blues e bebop, apoiaturas, anticipación e retardo.  <b>3.2. Aplicación sobre comping e sobre os temas do cuatrimestre cando sexa necesario.</b>  <b>3.3. Aplicación sobre solo en man dereita.</b></p>	<p>16</p>
<p>4. Voicings por cuartas e interval voicings. Bolckchords</p>	<p><b>4.1. Técnicas dixitais e relacións harmónicas.</b>  4.1.1. Continuación sobre a metodoloxía aplicada nos cuatrimestre anteriores.  <b>4.2. Aplicación ós temas de repertorio do curso.</b>  <b>4.3. Blockchords</b></p>	<p>16</p>
<p>5. Harmonía modal. Introducción ás estruturas constantes. Sincopation</p>	<p><b>5.1. Desenvolvemento de solos sobre modos dóricos, lidios e V7sus4.</b>  5.1.1. Aplicar improvisación dos referidos modos sobre os temas de repertorio e substitucións tonais.  5.1.2. Aplicar escalas dórica, menor melódica, lidia, lidia aumentada e mixolidia sobre os temas de repertorio cando sexa preciso.  <b>5.2. Sincopation</b>  5.2.1. Aplicación sobre man esquerda e dereita independentemente.  5.2.2. Aplicar sobre os temas de repertorio.</p>	<p>16</p>
<p>6. Ornamentación melódica e técnicas melódicas de improvisación. A clave afrocubana no jazz e combinada co swing.</p>	<p><b>6.1. Recursos ornamentais do cool de primeira época.</b>  6.1.1. Mordente, articulación (picado-ligado), fraseo limpo e articulación dinámica sobre os puntos climáticos. Dinámicas e reguladores.  6.1.2. Aplicación sobre os temas de repertorio de estilo cool do presente cuatrimestre.  <b>6.2. Variación da célula melódica</b>  6.2.1. Dilatación – contracción, aumentación, diminución.  6.2.2. Intervalación – Leaping.  <b>6.3. Aplicación da clave afrocubana ó jazz e combinada co swing.</b>  6.3.1. Aplicar ós temas de repertorio axeitados.</p>	<p>16</p>
<p>7. Temas de repertorio.</p>	<p>7.1 Long ago and far away.....J.Kern/Ira Gershwin  7.2 On green dolphin street.....Keper/Washington  7.3 Straight no Chaser.....T. Monk  7.4 Stella by Starlight ..... Victor Young  7.5 Bud Powell.....Chick Corea  7.6 Bluesette.....TootsThielemans  7.7 Mr. Pc.....John Coltrane  7.8 Donna Lee.....Charlie Parker</p>	<p>16</p>
<p><b>TOTAL SESIÓN:</b></p>		<p>16</p>

### 5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN		HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS	
<b>Exposición maxistral:</b> <i>Desenvolvemento teórico e práctico por parte do profesor dos contidos cos recursos axeitados á tipoloxía instrumental individual</i>		9		9	
<b>Exposición práctico-teórica:</b> <i>Desenvolvemento práctico individual dos contidos e conceptos da clase.</i>		13		13	
<b>Traballo individual:</b> <i>Tempo de estudo do alumno/a adicado a sintetizar a información teórico-práctica dos contidos da clase. Estudo específico da materia.</i>			175	175	
<b>Audicións:</b> <i>Escoita de gravacións en audio e vídeo das obras e das diferentes interpretacións destas e outras relacionadas cos contidos da materia.</i>			31	31	
<b>Asistencia a concertos e master class:</b> <i>Audicións de concertos de música en directo, asistencia e participación en master class, jam sessions e concertos.</i>			10	10	
<b>Actividades de Avaluación:</b> <i>Proba práctica na que o alumno/a executará os exercicios, estudos, temas e solos, aplicando os contidos en tempo real.</i>	1. Proba	1,5		1,5	
	2. Revisión	0,5		0,5	
<b>Observacións:</b> <i>Os diferentes temas e subtemas traballaranse ó longo das sesións, combinando nunha mesma sesión diferentes contidos, polo que o número de sesións indicadas para cada tema é de orientación, sendo a resultante da suma do traballado ó longo de todas as sesións.</i>		TOTAL	24	218	240

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
<b>6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
Actitude na clase (asistencia, puntualidade, comportamento e traballos complementarios etc.)	Valorarase a asistencia, a puntualidade e actitude na clase, e todos os traballos metodolóxicos e de investigación complementarios que se realicen. Valorarase a asistencia a master class e concertos.	T1, T2, T3, T6, T8, T13, T15. X1, X2, X3, X6, X8, X9, X10, X11, X13, X21, X24, X25. E11, E12, E14, E15, E16, E17, E110.	15%
Aptitude na clase - capacidade para asimilar os contidos e avaliación continua.	Valorarase a capacidade de traballo na clase en concepto de avaliación continua incluíndo os posibles controis que se realicen ó longo do cuadrimestre.	T1, T2, T3, T6, T8, T13, T15. X1, X2, X3, X6, X8, X9, X10, X11, X13, X21, X24, X25. E11, E12, E14, E15, E16, E17, E110.	15%
Proba práctica	Valorarase a aplicación dos contidos da materia da presente programación na audición ou exame práctico.	T1, T2, T3, T6, T8, T13, T15. X1, X2, X3, X6, X8, X9, X10, X11, X13, X21, X24, X25. E11, E12, E14, E15, E16, E17, E110.	70%
<b>6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)</b>			
Proba práctica	Valorarase a aplicación dos contidos da materia da presente programación, na audición ou exame práctico relativo ó cuadrimestre.	T1, T2, T3, T6, T8, T13, T15. X1, X2, X3, X6, X8, X9, X10, X11, X13, X21, X24, X25. E11, E12, E14, E15, E16, E17, E110.	100%
<b>6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
<b>Avaliación alternativa – aplícase coa perda de avaliación continua, caso de superar 3 faltas por cuadrimestre.</b>			

Proba práctica	Valorarase a aplicación dos contidos da materia da presente programación, na audición ou exame práctico relativo ó cuadrimestre.	T1, T2, T3, T6, T8, T13, T15. X1, X2, X3, X6, X8, X9, X10, X11, X13, X21, X24, X25. EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI7, EI10.	100%
<b>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</b>			
Proba práctica	Valorarase a aplicación dos contidos da materia da presente programación, na audición ou exame práctico relativo ó cuadrimestre.	T1, T2, T3, T6, T8, T13, T15. X1, X2, X3, X6, X8, X9, X10, X11, X13, X21, X24, X25. EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI7, EI10.	100%
<p>Observacións:</p> <p><b>SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:</b>  Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 30 de setembro de 2010, Artigo 13º, apartado 6)  0-4,9: Suspenso  5,0-6,9: Aprobado  7,00-8,9: Notable  9,00-10: Sobresaliente  A Mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a alumnos ou alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder dunha por cada 20 alumnos/as matriculados nunha materia no correspondente curso académico.</p>			

<b>7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS</b>	
DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Atenderase ao reflectido na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p>	<p>Adaptarase a temporalización, os instrumentos e os procedementos de avaliación á forma de comunicación que o alumnado precise, así como a secuenciación das tarefas e a verificación da comprensión das mesmas.  Establecerase o tempo precisado para a realización do traballo de aula, así como para as probas de avaliación adaptadas.  Garantirase a utilización dos recursos tecnolóxicos necesarios disponibles.  O material didáctico a empregar na aula, adaptarse segundo as necesidades específicas do alumnado.</p>

## 8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

### 1. Referencias básicas:

El pianista virtuoso en 60 ejercicios	Charles-Louis Hanon	
The New Real Book 1		Ed. Sher Music Co.
The New Real Book 2		Ed. Sher Music Co.
The New Real Book 3		Ed. Sher Music Co.
The Latin Real Book		Ed. Sher Music Co.
Real Jazz Book		Ed. Hal Leonard
Jazz Fake Book		Ed. Hal Leonard
Duke Ellington Jazz Piano solos series		Brend Edstrom
Jamey Aebersold series	J. Aebersold	Ed. Jamey Aebersold

### 2. Referencias complementarias:

The jazz piano book	Mark Levine	Ed. Sher Music Co.
Bill Evans – Plays		Ed. Ludlow Music
Bill Evans - The 70's, Solo Piano		Ed. Ludlow Music
Herbie Hancock Classic Jazz Composition & Piano Solos	Bill Dobbins	Ed. Advanced Music

### RECURSOS MATERIAIS

Os recursos materiais para levar a cabo o desenvolvemento desta materia son os seguintes:

- Un encerado pautado.
- Unha mesa para o profesor.
- Un ordenador con programa editor e secuenciador para a escoita de referencias.
- Dos pianos, uno de cola.